

Superturonio

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
IES TERRA DE TURONIO

Un instituto moi activo

Dende que voltamos das vacacións de Nadal, a cousa está que non se para da cantidade de actividades que se están a levar a cabo na Terra de Turoonio.

Non queremos ficar parados e para que vexades, tedes neste boletín unha mostra do que se está a facer.

Na revista Extra de fin de curso haberá cumprida información e reportaxes sobre estas actividades e todas as que se realicen ata entón.

- Obradoiro de Regueifas
- Exposición “A illa da memoria”
- Concurso “Fai Memoria”
- Entroido
- Día da Paz
- Viaxe á Andorra
- Obradoiro de televisión (Audiovisual nas aulas)
- As que se nos esquecen...

Por certo, queremos recordar a todos e todas as que formamos este instituto, que Superturonio está aberto á vosa colaboración, e que podedes propor a publicación dos vosos traballos. Único requisito, coma sempre: que estea escrito na nosa fermosa lingua.

Turonioesquiadores en Andorra



O Departamento de Educación Física organizou novamente a actividade da Semana Branca en Andorra e así, o pasado 10 de febreiro, 32 alumnos e alumnas de 2º da ESO e 4 do Ciclo, acompañados por dous profesores saímos cara ese pequeno e montañoso país.

Pero o autobús que nos había de levar non viña baleiro. No seu interior xa estaban comodamente instalados 20 persoas máis que viñan das terras de Muxía. O noso punto en común: Maica, a profesora que estivo con nós durante os dous últimos cursos.

Despois dunha longa viaxe de 1.200 km para alcanzarmos o corazón dos Pirineos, chegamos máis mortos ca vivos a Andorra.

Alí, a pesares dos madrugóns ás 7:30 h, dos virus e febres pirenaicas e da tortura das botas, aprendemos a esquiar e a caer nos con xeito evitando as lesións.

Polas tardes aínda quedaban folgos para os paseos polo centro de Andorra la Vella, para bailar na “discoteca” do hotel ou para tomar un baño nocturno nas quantiñas augas de caldea.

Pasámolo tan ben que si por nós fora aínda estaríamos alí.



SILENCIO! RÓDASE NO INSTITUTO

O alumnado de 3º B e C están a desenvolver neste curso un “Obradoiro de televisión”. Esta actividade constitúe unha nova fase do ciclo *O Audiovisual ás aulas* que o Consorcio Audiovisual de Galicia está a levar ás aulas dalgúns institutos.

No curso pasado realizouse o “Obradoiro de animación” no que se produciu unha curtametraxe de debuxos animados. Neste ano, os centros que participan no “Obradoiro de televisión” realizarán unha curtametraxe de televisión. Consta de sesións teóricas de iniciación á linguaxe audiovisual e ás técnicas de rodaxe para televisión e unha parte práctica onde o alumnado fará todos os procesos de filmación. Finalmente visitarán un estudio de televisión.



EXPOSICIÓN NO INSTITUTO DO 23 Ó 30 DE XANEIRO

A ILLA DA MEMORIA

No Instituto Terra de Turonio de Gondomar estanse a desenvolver desde o pasado curso diversas actividades relacionadas coa Memoria Histórica. Despois da visita do escritor Agustín Fernández Paz para realizar un foro sobre a obra “Noite de voraces sombras” (obra relacionada coa temática da Guerra Civil e a Illa de San Simón), no mes de decembro vistaba o centro o director de cine de Gondomar Antón Caeiro, quen explicou ao alumnado a rodaxe e o traballo de investigación realizado para o documental AILLADOS e para o libro do mesmo nome. Un documental e un libro no que se aborda a vida dos presos durante a Guerra Civil na Illa de San Simón. (Ver boletín anterior)

Hai uns días, o IES Terra de Turonio acolleu a Exposición “A ILLA DA MEMORIA” realizada pola Consellería de Cultura, e da que é comisario o gondomarense Antón Caeiro. A exposición consta de 23 paneis nos que se mostran as condicións de vida dos presos, traballos realizados durante a súa estancia en San Simón, fotografías, poemas, debuxos, pinturas, etc.

Para difundir o contido da exposición entre o alumnado do centro lanzouse o concurso “Fai Memoria” desde a radio do Instituto e da biblioteca do centro. Este concurso consiste en que o alumnado busque información entre os paneis da exposición, entre os libros da biblioteca e a través de Internet. Información que se completará con enquisas realizadas no seu entorno.

As actividades relacionadas coa Memoria Histórica continuarán na comunidade educativa do IES Terra de Turonio estando prevista para o 26 de marzo unha saída didáctica á Illa de San Simón.



ENTROIDO Cunha grande animación celebramos o Entroido. O venres 16 chegamos co noso disfrace e participamos no concurso que se fixo no patio. Alí puidemos ver a anxos, demos, terroristas, anciáns, cociñeiros e toda unha variopinta e interesante fauna. A continuación participamos nun percorrido polas rúas de Gondomar co resto dos colexios do Concello e regresamos ao centro onde houbo unha espectacular festa.



Coplas gañadoras

Alfonso Alfonsiño
Quen te collera no millo
Se eu fora ti
Tería coidadiño

Aos concelleiros de Gondomar
Acábanos de cachar
E estaban a cobrar
Un seguro sen pagar

Os pobres rapaces
Cando chega a titora
A máis de 20 millas
Se lle divisa a cachola.

Cando chegan as regueifas,
Coa señora titora

Que se preparen as liñas
De aquí a Lisboa

Coa miña nai bota unha hora
Coa de Marta outra,
Cando chegue a factura
A ver quen a atura




OBRADOIRO DE REGUEIFAS

Alumnado de 3º da ESO participaron no Obradoiro de Regueifas que por segunda vez impartiron Luis Caruncho e Pinto d'Herbón no noso centro. Estes obradoiros están promovidos pola Consellaría de Cultura nuns cantos centros da provincia de Pontevedra. Está previsto realizar unha semifinal comarcal e unha fase final en Vigo, onde os novísimos regueifeiros demostren as súas habilidades coa improvisación oral.

CERTAME DE RECOLLA DA TRADICIÓN ORAL

Tamén estamos incritos no Certame de Recolla da Tradición Oral. Enviaremos un cuestionario ás familias para que nos acheguen algunha das manifestacións deste patrimonio. Por este motivo, recibiremos a visita do narrador oral Cándido Pazó, quen desenvolverá unha sesión didáctica co alumnado de 1º da ESO o mércores 14 de Marzo.



Cándido Pazó